



Concello de
SOUTOMAIOR
Pontevedra

Rua Alexandre Bóveda n.º 8 - 36691 - SOUTOMAIOR
Alexandre Bóveda n.º 8 - 36691 - SOUTOMAIOR

BANDO

TERMALISMO SOCIAL IMSERSO

REQUISITOS:

1. Ser pensionista do sistema da Seguridade Social polos conceptos de: xubilación ou incapacidade permanente, viuvedade cando se teñan 55 ou máis anos e por outros conceptos ou por ser percepto de subsidios ou prestacións por desemprego e se teñan 65 ou máis anos.
 - Ser asegurado ou beneficiario do Sistema da Seguridade Social español, con 65 ou máis anos de idade.
 - Tamén poderán ser beneficiarios das prazas os españois residentes no exterior sempre que perciban unha pensión da Seguridade Social e que cumpran os demais requisitos establecidos.
2. Non padecer alteracións de comportamento que impidan a convivencia nos establecementos, nin enfermidade infecto-contaxiosa.
3. Poder valerse por si mesmo/a para realizar as actividades da vida diaria.
4. Precisar os tratamentos termais solicitados e carecer de contraindicación médica para a recepción dos mesmos.
5. Acadar de conformidade coa valoración establecida a puntuación que lle permita acceder a un dos balnearios e quendas solicitadas. Ponderaranse as seguintes variables; grao de necesidade de recibir os tratamentos termais, situación económica e idade dos/das solicitantes, que non disfrutara da praza en anos anteriores e se o/a solicitante é membro dunha familia numerosa.

BENEFICIOS:

As quendas poderán ter unha duración de 12 ou de 10 días cada unha comprendendo os seguintes servizos: aloxamento e manutención en réxime de pensión completa, tratamentos termais e póliza de seguro.

PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

- Para as quendas dos meses **de febreiro a agosto**:
 - Terán prioridade na adxudicación de prazas as solicitudes entregadas antes do 13 de xaneiro de 2017.
 - Para a súa inclusión, na lista de agarda o prazo de entrega das solicitudes rematará o 12 de maio de 2017.
- Para as quendas dos meses **de setembro a decembro**:
 - Terán prioridade na adxudicación de prazas as solicitudes entregadas antes do 12 de maio de 2017.
 - Para a súa inclusión, en lista de agarda o prazo de entrega das solicitudes rematará o 31 de outubro de 2017.

LUGAR DE PRESENTACIÓN:

Servizos Sociais do concello de Soutomaior de luns a venres de 09:00 a 14:00 horas.

Soutomaior, 16 de decembro 2016

O ALCALDE

Agustín Recuero Ocampo

